CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentarse...</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar os días da semana, os meses do ano, as estacións, o tempo...</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: Recoñecer aspectos culturais dos países anglófonos e comparalos coa cultura propia.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	The sore paw	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras habituais en textos orais breves e sinxelos.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias para producir mensaxes moi breves e sinxelos.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imita e participa en situacións interactivas elementais.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta similitudes e diferenzas entre linguas.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentarse...</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar os días da semana, os meses do ano, as estacións, o tempo...</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: identificar e nomear algúns animais salvaxes, describir como se desprazan...</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo aos animais.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	The missing skateboard	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece palabras habituais en textos orais breves e sinxelos.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas e sinxelas con información básica.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imita e participa de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Utiliza estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta similitudes e diferenzas entre linguas.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplica estratexias básicas comunicativas.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentarse...</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar os días da semana, os meses do ano, as estacións, o tempo...</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: Identificar e nomear diferentes xoguetes, os materiais dos que están feitos...</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo aos xoguetes.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a primeiro de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo:TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....

- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.

- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.

- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.

- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .

- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias;etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos,xogos interactivos online,videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes,realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das

maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online.
2- Historias e contos publicados na rede.
3-Xogos de mesa.
4-Xogos físicos.
5-Libros de lectura.
6-Posters e murais.
7-Ferramentas de elaboración de materiais.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Usos dos medios audiovisuais que conte a escola.
10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11-Videos.
12-Rimas e cancións.

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>  
<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

<https://www.funenglishgames.com/>

Types of games:

- Memory.
- Drag it.
- Teacher (your name) says .
- Match it.
- Guess it.
- What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"Winnie the witch" [https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF\\_Ks](https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks)

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

"Not now, Bernard" [https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI\\_2TDOo](https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo)

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- \* adiviñar a tarxeta;
- \* memory game;
- \* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.
- Crazy Chefs
- Pictionary
- What is the time, Mr Wolf?
- Spotty dogs.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou

introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,  
+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

"Guess how much I love you" Sam Bratney  
"The Snowman" Raymond Briggs.  
"Susan laughs" Jeanne Willis  
"Mary Poppins ,Up, Up and Away" Helene Druvet  
"Something else" Kathryn Cave.  
"Little Bo Peep troublesome sheep" Cressida Cowell  
"Ketchup on your Cornflakes" Nick Sharrat  
"I am a tiger" Karl Newson.  
"Not me" Nicola Killen.  
"Dogs" Emily Gravett.  
"Animal pants" Brian Moses.  
"Not now ,Bernard" David Mckee.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.



12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

"All together now" Beatles.

"Hello,Goodbye" Beatles.

"Baa ,Baa, Black Sheep"

"Count to one hundred"

Rimas:

"See you later, alligator!"

"Diddle,diddle dumpling my brother John"

"Humpty Dumpty

"Star light, star bright"

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso podense recoller evidencias escritas de interaccións en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>3</b>	<b>15</b>	<b>4</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>3</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

**Criterios de cualificación:**

Procedementos e evidencias observación sistemática, posta en común, presentacións, representacións tipo role-plays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Para aquel alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible estableceranse os apoios e reforzos educativos necesarios

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

\* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

-Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

\*Nenos e nenas con trastornos de conducta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X

### Observacións:

Os elementos transversais están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca outras.

Por outro lado, cada centro educativo escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....			
Conmemoracións da escola.	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Pascua, Maíos, 8-M, Dereitos da infancia....			
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Bonfire Night, Thanksgiving, Christmas, Saint Patrick, Easter...			

### Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

#### Descrición:

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un, escollendo as que se consideren máis oportunas.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

## 9. Outros apartados